

Información e participación das familias_Art.29 da Orde ECD_1361-2015

1. Con posterioridade a cada sesión de avaliación, e cando se dean circunstancias que así o aconsellen, o titor ou titora informará por escrito a pais, nais e titores legais do alumnado sobre o aproveitamento académico destes e a marcha do seu proceso educativo. Para ese efecto, utilizarase a información recollida no proceso de avaliación continua, de acordo cos modelos establecidos polo centro.

2. Tras a avaliación final de curso ou de etapa informarase por escrito do seu resultado a pais, nais e titores legais do alumnado, **coa indicación, polo menos, dos seguintes extremos**: as cualificacións obtidas nas distintas materias, a promoción ou non ao curso ou etapa seguinte e as medidas de apoio adoptadas, se as houbera, para a consecución dos obxectivos programados.

3. Os titores e titoras manterán unha comunicación fluída co alumnado e as súas familias en todo o relativo ao proceso de aprendizaxe, co fin de facilitar as aclaracións precisas para unha maior eficacia do mesmo. **Pais, nais e titores legais terán acceso en calquera caso aos documentos oficiais de avaliación e aos exames e documentos das avaliacións que se realicen aos seus fillos ou tutelados, segundo o procedemento establecido polo centro.**

4. Igualmente, en calquera momento ao longo do curso, cando a situación o aconselle ou as familias o demanden, e especialmente cando se detecten nun alumno dificultades na aprendizaxe ou necesidades de mellora, os titores e titoras ofrecerán información máis específica que sirva para fornecer pautas que faciliten a recuperación e o progreso na aprendizaxe.